



Zeltia Burgos Tortosa, secretaria nacional da CIG-Autonómica, co enderezo para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e enderezo para notificación preferente no correo electrónico autonomica@cigadmon.gal, presento as seguintes alegacións manifestadas na Mesa Xeral de Empregados Públicos do 20/04/2021 para que se recollan integras en acta.

**Borrador de Orde pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**

### **Consideracións previas**

As alegacións que presentamos pola CIG Autonómica nesta Mesa Xeral de Empregados Públicos se refiren as cuestións relativas a condicións de traballo do persoal non docente neste borrador de decreto e nos reservamos o dereito a negociación previa coa mesa sectorial de representación do persoal, que **en ningún caso é a mesa sectorial docente**. Desta situación, da que xa demos queixa en varias ocasións, aínda non obtivemos resposta satisfactoria. Así, as cuestións que afectan as condicións laborais do persoal non docente, específicamente das categorías de persoal coidador e intérprete lingua de signos que son as afectadas neste decreto, deben negociarse con carácter previo no marco do Comité Intercentros.

### **Achegas específicas**

En canto os recursos profesionais no artigo **79.3. Entre os recursos profesionais para atender á diversidade, considérase o persoal coidador, o persoal intérprete de lingua de signos e todos los profesionais específicos que integran os centros de educación especial**".

Solicitamos que se modifique a súa redacción, para que nesta quede integrado todo o persoal que efectivamente participa na atención do alumnado con diversidade funcional, tanto nos colexios ordinarios como nos centros específicos de educación especial (persoal sanitario - persoal médico, persoal de enfermaría, auxiliares de clínica-, persoal fisioterapeuta, traballadores/as sociais, terapeutas ocupacionais, psicólogos/as, persoal educador, e outros).

No **artigo 80.2** trátanse as funcións que deberá desempeñar o persoal auxiliar coidador, integrado no V Convenio colectivo, que traballa nos centros de ensino da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Consideramos que as funcións do Persoal Laboral da Xunta de Galicia deberán ser negociadas con carácter previo nas mesas de negociación coa representación dos traballadores/as afectados, e non redactarse nun borrador sen unha previa negociación.

Dito esto, vemos que na redacción das funcións deberanse facer os seguintes cambios:

### **Artigo 80.2**

**c) Facilitar os traslados polos diferentes espazos do centro.**

Neste apartado solicitamos que se engada á redacción: "e no caso de alumnado con mobilidade reducida, diversidade sensorial, o outras dificultades, estes traslados se farán por espazos dotados da adaptación necesaria a cada alumno; sen barreiras arquitectónicas, de maneira que non supoñan un risco para a integridade do alumno ou do persoal coidador."

**d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, tanto dentro como fóra da aula.**

Opoñémonos a que se inclúan os términos "*dentro e fóra*" da aula. Non ten sentido esixir a presenza do persoal auxiliar coidador dentro das aulas, xa que este persoal non realiza funcións docentes, sinón asistenciais, para as que a súa presenza dentro das aulas só é necesaria en momentos puntuais, e non a súa permanencia nelas.

**g) De ser o caso, participar na administración a este alumnado da medicación que non requira especialización profesional, que estea prescrita por persoal médico e segundo a dose indicada.**

Este apartado é sinxelamente inadmisible; estase poñendo como función, a un persoal sen formación sanitaria de ningún tipo, a administración de medicación. Lembrámoslle que o persoal auxiliar coidador non é persoal sanitario; e que incluso o persoal auxiliar de clínica, sendo persoal sanitario, non está facultado para administrar medicación sen a supervisión directa dunha persoa superior sanitaria responsable.

Polo tanto, aclaramos que o persoal auxiliar coidador non é persoal sanitario nin ten formación de carácter sanitario; polo que non está en ningún caso facultado para a administración de ningún tipo de medicación; propor que administre medicación incorre no intrusismo profesional e é manifestamente ilegal.

Non esquezamos que existe un *Protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermedade crónica*, na Consellería de Educación, onde están pormenorizadas as actuacións neste sentido.

Esiximos a retirada deste apartado.

**h) Acompañar na ruta escolar ao alumnado que requira da presenza do persoal coidador**

Esta é unha das funcións que este persoal leva desempeñando dende sempre. Porén, hoxe en dia, os pregos de contratación das empresas de transporte indican que a empresa que asuma o trasporte escolar en autocares, deberá facilitar o seu propio persoal para a atención aos escolares durante os traslados, sen que estes podan ser discriminados pola súa condición ou diversidade funcional.

En todo caso, cando sexa imprescindible a atención do persoal coidador na ruta escolar, deberá facilitárselle a este persoal, sempre que así o solicite, o traslado dende o centro

educativo ata o punto de recollida do alumno ou alumna, así como o retorno ao centro ao final do traxecto.

**i) Colaborar nas actividades complementarias e extraescolares nas que participe o alumno ou a alumna.**

As actividades extraescolares non forman parte do Proxecto curricular do centro nin en xeral se realizan en horario lectivo. Tampouco son actividades complementarias como o transporte e o comedor escolar e non participa nelas ningún outro persoal público da Consellería de Educación (docentes, educadores, persoal sanitario, intérpretes de lingua de signos, etc)

Estas actividades están impartidas por monitores ou empresas de tempo libre que teñen o seu propio persoal. Realízanse FÓRA DO HORARIO LECTIVO; son voluntarias para o alumnado e se lle remuneran a estas empresas, polo que non deben dispor de persoal empregado público para o seu servizo.

As empresas privadas teñen a obriga de ofrecer servizos nos que se inclúa a todo o alumnado sen discriminación; e para elo deben aportar os recursos humanos e materiais necesarios.

Pedimos polo tanto que se retire este apartado.

**k) Aqueloutras que a Administración educativa lle poida encomendar no ámbito das súas competencias.**

A CIG esixe que se retire este apartado pola súa ambigüedad. Se xa se está facendo unha relación de funcións, non hai ningunha outra que se lle deba encomendar ao persoal fóra das que se reflicten na dita relación. Opoñémonos a artigos caixón desastre que convertan na práctica ao persoal dos centros en servidores/as multifuncións ou traballadores para todo.

**Artigo 80.4 A rateo máxima de persoal auxiliar coidador/alumnado con necesidades educativas especiais, non excederá de 1/7.**

Como nos puntos anteriores, a cuestión dos ratios afecta directamente a carga de traballo do persoal e é materia negocial coa sua representación de xeito específico, non metido nun decreto para intentar colar unha cuestión tan importante como esta.

Por outra parte, e neste punto, non podemos máis que manifestar o noso malestar pola pouca empatía que se mostra para co alumnado con necesidades educativas especiais e con diversidade funcional, cando un lexislador pensa que pode atenderse axeitadamente a sete alumnos ou alumnas con un auxiliar coidador ou unha auxiliar coidadora.

Queremos destacar que con unha soa persoa é de todo imposible atender desprazamentos, controis de esfínteres, cambios de cueiros, hixiene de mans ou de cara, recreos, atención no comedor, etc... de sete alumnos con diversidade funcional e diferentes necesidades, en diferentes aulas e incluso as veces en diferentes edificios do mesmo centro educativo.

Dado que para que un alumno ou alumna teñan un ditame de necesidade de recursos educativos complementarios ou de apoios especializados de difícil xeneralización, ou ben de algunha medida extraordinaria de atención á diversidade, se requira unha avaliación psicopedagóxica que o determine; cando un recuso necesario para a integración dese alumno ou alumna sexa a atención de persoal auxiliar coidador, solicitamos que este persoal teña unha RELACIÓN ACTUALIZADA DO ALUMNADO ao que deba prestar atención. Esta relación deberá acompañarse de un informe sinxelo das características do alumno ou alumna que deban terse en conta para realizar a atención de maneira correcta e eficaz.

No que respecta ao **persoal Intérprete de Lingua de Signos**, facemos as seguintes alegacións:

No **artigo 81**, onde pon "Intérpretes de lingua de signos nos centros docentes", solicitamos que apareza a denominación "Intérpretes de Lingua de Signos e Guiás-Intérpretes de persoas con xordocegueira", xa que esta é a denominación completa da profesión, e que así se denomine a este persoal ao longo do documento.

No **artigo 81.1** onde aparece mencionada "discapacidade auditiva" deberá engadirse "e/ou xordocegueira".

Onde aparece "especialmente en grado severo ou profundo", eliminar a palabra "especialmente", xa que segundo a Lei 27/2007 pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, recóllese que "as administracións educativas disporán dos recursos necesarios para facilitar a aprendizaxe e uso da lingua de signos nas diferentes ensinanzas regradas a todas aquelas persoas que o soliciten", independentemente do grao de perda auditiva (artigos 7, 9 e 10).

Polo recollido na antedita lei, tamén solicitamos que no texto "preferentemente, no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria, en educación secundaria obligatoria e, excepcionalmente en educación secundaria postobligatoria" sexa eliminada a palabra "excepcionalmente", e engádase a educación dos adultos.

En todas estas etapas da educación, na actualidade están desenvolvendo as súas funcións as/os Intérpretes de linguaxe de signos (en adiante ILSE), e a Lei 27/2007 non diferencia o dereito ao acceso ao currículo nas linguas de signos e a prestación do servizo de ILSE para o alumnado desas etapas.

No **artigo 81.2 a)** solicitamos que sexa substituído o texto "actuar como mediadoras de comunicación para facilitar o acceso ao currículo" por "igualar, equiparar e normalizar a situación de comunicación para facilitar o acceso ao currículo". Esta solicitude de cambio baséase na amplitude de situación coas que o persoal ILSE atopan neste eido, que pode abranguer dende unha interpretación estándar, que require uns coñecementos profundos das linguas utilizadas e das técnicas interpretativas, ata unha igualación comunicativa cunha intervención maior. A mediación pode non requerir unha interpretación, porén os conceptos de igualar, equiparar ou normalizar, sí que reflicten o labor do persoal ILSE.



Tamén debería cambiarse o verbo "facilitar" polo verbo "favorecer", quedando o texto: "Igualar, equiparar e normalizar situación de comunicación para facilitar o acceso ao currículo ao alumnado con discapacidade auditiva e/ou con xordocegueira"

No **artigo 80.2 b)** debería cambiarse "alumno con discapacidade auditiva" de acordo coa Lei 20/2007 e engadir "e/ou con xordocegueira".

O parágrafo "... como dos sistemas aumentativos e ou alternativos de comunicación ou de axudas técnicas", de acordo coa formación e competencias do persoal ILSE debería redactarse desta maneira: "mediante a utilización da Língua de Signos e colaborando no uso doutros sistemas aumentativos e/ou alternativos de comunicación propostos polo equipo docente"

No **artigo 81.3**, onde aparece "elaborarán un plan de intervención", solicitamos que sexa substituído por "formarán parte da intervención especificada no Plan de Intervención dentro do Plan de Atención á Diversidade".

O persoal ILSE debería contar con un tempo considerado como de traballo efectivo, necesario para preparar o seu traballo, sobre todo cando teñan que facer interpretacións de materias con unha linguaxe especializada e/ou unha nomenclatura específica.


Por todo isto, **solicito que se paralice o decreto ata a negociación previa e específica coa representación do persoal laboral non docente das cuestións que afectan a funcións e ratios co Comité Intercentros do Persoal Laboral**. Non se entende que se queira sacar para adiante pola consellería un decreto desta importancia sen ter buscado un acordo previo co persoal afectado.

Non admitimos o argumento de Función Pública que veña a Mesa Xeral de Empregados Públicos porque o persoal esta en vías dunha funcionarización, sinón que unicamente que o Decreto completo debera vir a esta mesa xeral por afectar ao persoal docente e non docente, sen prexuízo de que as funcións e ratios do persoal que se pretenden modificar vaian antes ao comite intercentros.

Antes desta mesa xeral non houbo entrega de borradores con periodo de envío de alegacións por parte das ooss, nin resposta as mesmas, polo que se presentan nesta MXEP do 20/04/2021 e se solicita a sua integración en acta..

Compostela, 20 de abril de 2021

Asdo. Zeltia Burgos Tortosa



Dirección Xeral da Función Pública  
Consellería de Facenda  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

